

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Orde do 12 de xuño de 2008 pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a normalización da lingua galega.

A Lei 5/1988, do 21 de xuño, de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, ten como obxectivos de normalización lingüística no ámbito da Administración local os mencionados nos artigos seguintes:

Artigo 1: «As convocatorias de sesións, ordes do día, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia, redactaranse en lingua galega».

Artigo 2.1: «Correspóndelle á Xunta de Galicia o impulso do proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, moi especialmente a través de programas de formación de funcionarios en lingua galega»; e no punto 2.2: «Sen prexuízo do anterior, a Xunta de Galicia adoptará as medidas oportunas para que nos concursos de acceso de funcionarios á Administración local se garanta o coñecemento da lingua galega».

Por outra banda, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no artigo 7, números 1 e 3, dispón, respectivamente: «O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén o da súa Administración local.

As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais redactaranse en lingua galega».

«A Xunta de Galicia impulsará o proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, especialmente a través de programas de formación de funcionarios das entidades locais en lingua galega».

Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 22 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local:

-É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais e das deputacións por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados.

-Cómpre incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrecen ao cidadán, tanto directamente como a través das empresas subcontratadas.

-Hai que poñer os medios para que todo traballador ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua o cidadán que o desexe e que teña tamén práctica habitual da oferta positiva.

Á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade co establecido no artigo 41.1º c) do Decreto 37/2007, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, compéetelle, entre outras materias, o impulso do proceso de incorporación do galego á Administración local en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Por todo isto, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pretende apoiar e colaborar coas entidades locais de Galicia para acadar unha mellora nos servizos que prestan, así como potenciar o uso do galego por parte destas entidades e nas súas relacións cos administrados, polo que

DISPOÑO:

Artigo 1º

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza convoca axudas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a fomentar a prestación dun servizo de normalización lingüística nas entidades locais, así como a subvencionar a organización e desenvolvemento de campañas de normalización lingüística.

Artigo 2º

As axudas a que se refire o artigo anterior faranse efectivas, no seu día, con cargo á aplicación orzamentaria 06.08.151A.460.0 ata unha contía máxima de oitocentos mil euros (800.000 €) dos vixentes orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega.

Artigo 3º

1. As entidades locais poderán solicitar as axudas previstas nesta orde utilizando o modelo que figura como anexo I ou os modelos normalizados dispoñibles no portal dos concellos Eido Local (<http://www.eidolocal.es/portal>) ou na páxina web da Xunta de Galicia (<http://www.xunta.es/servizos>) para o caso da tramitación telemática.

2. As modalidades que adoptan estas axudas son as que a seguir se relacionan:

a) Creación de novos servizos locais de normalización lingüística, debidamente xustificados e sempre que exista crédito suficiente.

b) Reforzamento dos servizos locais de normalización lingüística xa existentes, mediante a contratación dun/ha ou varios/as especialistas en lingua galega.

c) Organización de campañas e elaboración de publicacións co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local.

3. Poderán ser obxecto de subvención aquelas actividades que se realicen durante o ano 2008 e rematen antes do prazo de xustificación previsto nesta orde.

Artigo 4º

Os servizos locais de normalización lingüística deberán desenvolverse por un/ha ou varios/as especialistas en lingua galega que posúa/n algunha das seguintes titulacións: licenciatura en filoloxía galego-portuguesa, filoloxía galega ou filoloxía hispánica (sección galego-portugués). Terán prioridade na contratación aqueles/as licenciados/as que, tendo a titulación exixida, posúan ademais o diploma do curso superior de linguaxe administrativa.

Artigo 5º

Todas as actividades que se realicen ao abeiro desta orde faranse en galego e ateranse, no tocante á normativa e ao uso correcto do idioma, ao establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo do ano 2003 tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

Artigo 6º

Os servizos de normalización lingüística desenvolverán o seu labor tanto no aspecto lingüístico como no sociolingüístico:

a) Aspecto lingüístico:

-Tradución para o galego de textos e documentos da entidade local (confección de actas, edictos, convocatorias de sesións, ordes do día, ditames das comisións informativas, mocións...).

-Corrección documental.

-Deseño de documentación formal.

-Contribuír na elaboración dun modelo de regulamento do uso do galego nas entidades locais, así como promover a súa posta en práctica.

-Resolución de dúbidas lingüísticas.

-Promoción e organización de cursos de capacitación lingüística para o persoal municipal segundo as carencias detectadas.

-Participación activa na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega (os servizos lingüísticos poden ser uns axentes normalizadores neste ámbito de actuación da administración local e pónense a disposición das autoridades competentes nesta materia para colaboraren en calquera proxecto de implementación do status que se poña en marcha en todas as súas fases: estudo previo, deseño, implementación, avaliación), así como na execución das medidas previstas para este sector no devandito plan.

b) Aspecto sociolingüístico:

-Elaboración de propostas de dinamización lingüística, sobre todo, para os ámbitos de intervención que figuren no Plan xeral de normalización lingüística e sexan de maior interese para a entidade.

-Regulación dos usos e perfís lingüísticos da entidade local.

-Difusión á cidadanía dos seus dereitos lingüísticos.

-Elaboración e seguimento da posta en práctica do Plan municipal de normalización lingüística.

-Coordinación das actuacións con outros servizos lingüísticos ou entidades que persigan os mesmos fins normalizadores.

-Difusión, sensibilización e información das ferramentas lingüísticas existentes.

-Promover que na regulamentación municipal figuren unhas cláusulas que establezan que:

-Todos os departamentos e organismos dependentes das deputacións e concellos (oficinas de atención ao público, instalacións deportivas, televisións e radio municipais, servizos de augas, etc.) teñan a lingua galega como idioma xeral de referencia oral e escrito.

-Os actos xurídicos documentados e as relacións xurídicas e notariais da Administración local que se refiran a actividades de ámbito galego redactaranse en lingua galega.

-As intervencións xudiciais da Administración realizaranse en lingua galega.

-Todos os traballos topográficos e cartográficos que fagan ou encarguen as administracións locais teñen que levar incorporada a recolla da microtoponimia, consonte o sistema deseñado pola Comisión de Toponimia, e o material toponímico recollido

deberá ser remitido ao SITGA, para a súa organización e posta a disposición da sociedade na Rede.

-Todos os contratos e axudas públicas, de calquera tipo, deberán producir un aumento efectivo do galego na entidade receptora. O SNL avaliará o seu cumprimento.

-Toda aquela prestación froito dun contrato subscrito por unha entidade local ofrecerase, como mínimo, en lingua galega.

-A facturación que emitan os provedores da Administración local virá redactada, como mínimo, en lingua galega.

Artigo 7º

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no das delegacións provinciais desta consellería, ou por calquera outro dos medios a que se refire o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o modelo que figura como anexo I desta orde, ou os modelos normalizados dispoñibles no portal dos concellos Eido Local (<http://www.eido-local.es/portal>) ou na páxina web da Xunta de Galicia (<http://www.xunta.es/servizos>) para o caso da tramitación telemática.

3. Así mesmo, de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas da Administración pública galega, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación desta solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na devandita páxina web.

Artigo 8º

1. Xunto coa solicitude remitirase a seguinte documentación:

a) Memoria descritiva da modalidade para a cal se solicita a subvención, na cal consten todos os datos referidos a ela.

b) Orzamento de gastos, total e detallado por capítulos, para a realización da actividade para a cal se solicita a axuda.

c) Certificación expedida polo/a secretario/a xeral da entidade local, relativa ao acordo, adoptado polo órgano competente, polo que se acorda a solicitude da subvención para a normalización lingüística e se

aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta orde.

d) Declaración de conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos (anexo II desta orde).

2. Se algunha documentación das solicitadas no presente artigo xa constase en poder da Dirección Xeral de Administración Local desta consellería, e non se producise desde o momento en que foi presentada variación que afectase o seu contido ou a súa vixencia, non será necesario presentala novamente, sen prexuízo de que esta dirección xeral reclame do solicitante a documentación que, se é o caso, coide oportuna.

3. Os defectos nas solicitudes seranlles notificados ás entidades locais interesadas pola Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, concedéndoselles un prazo de dez días para emendaren erros ou omisións. Transcorrido o devandito prazo sen terse producido a correspondente emenda, as peticións serán arquivadas conforme o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9º

Na avaliación das solicitudes teranse en conta os seguintes aspectos:

a) Que a subvención se destine á creación de novos servizos de normalización lingüística (máximo de 20 puntos).

b) Que a subvención se destine ao reforzamento dos servizos de normalización lingüística xa existentes (máximo de 20 puntos).

c) Realización de campañas de normalización da lingua galega levadas a cabo polo servizo de normalización lingüística existente na entidade local (máximo de 30 puntos).

d) Realización de campañas de normalización da lingua galega desenvolvidas polas entidades locais que non contén cun servizo de normalización lingüística (máximo de 20 puntos).

e) Realización de campañas de normalización da lingua galega en coordinación ou colaboración con outras asociacións, entidades ou servizos de normalización lingüística (máximo 10 puntos).

Nas campañas priorizaranse, sobre todo, aquelas que se destinen aos sectores recollidos no Plan xeral de normalización lingüística ou as que teñan por obxecto a rotulación toponímica municipal. Neste último caso terán prioridade os concellos que teñan executado o proxecto Toponimia de Galicia. En cal-

quera caso, a rotulación deberá respectar sempre a denominación oficial.

Artigo 10º

1. Recibidas as solicitudes de subvención e a súa documentación, serán analizadas por unha comisión de valoración presidida pola directora xeral de Administración local e da que formarán parte os/as delegados/as provinciais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e un representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Actuará como secretario o subdirector xeral de Xestión e Cooperación Económica coas Entidades Locais da Dirección Xeral de Administración Local, ou un funcionario da devandita dirección xeral con nivel mínimo de xefe de servizo.

2. Unha vez elaborada a correspondente proposta mediante acta motivada, elevarase á directora xeral, que elevará proposta de resolución ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quen resolverá.

Artigo 11º

1. A resolución seralles notificada a todos os beneficiarios da subvención, na forma prevista no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. De non notificarse resolución no prazo de catro meses contados desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, todo iso sen prexuízo do establecido nos artigos 42 e 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Contra esta resolución, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

3. As subvencións concedidas publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* con expresión da convocatoria, do programa e do crédito orzamentario a que se imputen, do beneficiario, da cantidade concedida e da finalidade ou finalidades da subvención.

Igualmente os beneficiarios e os importes das axudas concedidas serán publicadas na páxina web oficial da Consellería de Presidencia, Administracións

Públicas e Xustiza nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega; así mesmo integraranse, na forma que se estableza regulamentariamente, no Rexistro Público de Subvencións, que será de acceso público.

4. O órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, sempre e cando non se cause prexuízo a terceiro.

Artigo 12º

1. A entidade local beneficiaria disporá dun prazo de dez días hábiles, contados a partir da recepción da resolución, para comunicar a aceptación das condicións contidas nela.

2. Transcorrido o prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

3. Estas subvencións son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Porén, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 13º

1. Os beneficiarios da subvención, unha vez concedida esta, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos. A Dirección Xeral de Administración Local poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.

2. Para recibir a subvención, as entidades locais beneficiarias deberán remitirle á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, antes do día 31 de outubro de 2008, a documentación xustificativa dos gastos realizados.

2.1) No caso de que a subvención se concedese para o reforzamento dos servizos de normalización lingüística xa existentes ou para a creación de novos servizos de normalización lingüística:

a) Copia compulsada do contrato laboral vixente que a entidade local formalice co/os especialista/as en lingua galega.

b) Copia compulsada da titulación requirida e, se é o caso, do diploma do curso superior de linguaxe administrativa.

c) Certificación do pagamento das retribucións especificadas no contrato sinalado, incluídos os gastos de Seguridade Social, conformada polo/a intervector/a da entidade local, así como do cumprimen-

to da finalidade para a cal foi concedida a subvención.

d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (anexo II desta orde), con indicación, se é o caso, do importe concedido para o mesmo proxecto durante o mesmo período.

e) Memoria xustificativa da actividade (anexo III da presente orde) cuberta nas epígrafes que cumpra.

2.2) No caso de que a subvención se conceda para a organización de campañas:

a) Facturas orixinais do gasto realizado ou copias compulsadas, xunto coa certificación expedida polo secretario xeral da entidade local do acordo de aprobación.

b) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención, de acordo co previsto no artigo 28.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (anexo II da presente orde), con indicación, se é o caso, do importe concedido para o mesmo proxecto durante o mesmo período.

d) Informe-memoria das actividades levadas a cabo. Se dentro da campaña organizada se elaboraron recursos, publicacións ou materiais en calquera formato (impreso, audiovisual ou dixital) de carácter lingüístico, didáctico, educativo ou lúdico deberán enviar unha copia deles. A Secretaría Xeral de Política Lingüística, tras o acordo coa entidade titular, resérvase a posibilidade de difundir aquelas actividades de maior interese para a promoción da lingua galega.

3. As cantidades que resultasen sobrantas por causa de renuncia expresa ou non presentación das xustificacións correspondentes por parte das entidades locais beneficiarias, poderán dedicarse a subvencionar outras entidades locais que presentaron en prazo solicitude de subvención ao abeiro desta orde.

4. Transcorrido o prazo establecido no parágrafo 2 deste artigo sen ter presentadas as correspondentes xustificacións, anularase a concesión da subvención a esa entidade local, podendo esta consellería utilizar o dito crédito en beneficio doutros posibles beneficiarios.

Artigo 14º

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda ou, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Os beneficiarios da subvención, unha vez concedida esta, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para que foron concedidos. A Dirección Xeral de Administración Local e a Secretaría Xeral de Política Lingüística poderán establecer controis periódicos para comprobar que se están a realizar as actividades para as cales foron destinadas as axudas e o cumprimento dos contratos subvencionados.

3. O beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 15º

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 da devandita lei, a entidade local comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da mesma norma legal.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a directora xeral de Administración local para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-En todo o non previsto nesta orde rexerá a normativa xeral en materia de subvencións contida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ademais do Decreto 278/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia naquilo que non resulte derrogado pola normativa anteriormente citada.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2008.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza



ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES LOCAIS PARA A NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR480A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL	CIF
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E PISO)	PROVINCIA
LOCALIDADE	TELÉFONO

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO CONTA
--------------	-----------------	--------------------	--------------

SOLICITA:

Unha subvención para a realización das actividades que especifican na memoria anexa, aceptando todo o estipulado na orde de convocatoria e polo/s seguinte/s importe/s.

MODALIDADE: CREACIÓN DO SNL	
REFORZAMENTO DO SNL	
CAMPAÑAS NORMALIZACIÓN	

OPTO POLA SOLICITUDE TELEMÁTICA SI NON

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

De acordo co artigo 8º.1 da orde, achégase a seguinte documentación:

- MEMORIA DESCRIPTIVA DA MODALIDADE SOLICITADA
- ORZAMENTO DE GASTOS
- CERTIFICACIÓN RELATIVA AO ACORDO DE SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN
- DECLARACIÓN DE CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS (ANEXO II)

Quen abaixo asina DECLARA QUE: presta expresamente o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 12 de xuño de 2008 pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a normalización da lingua galega.</i>
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

ANEXO II

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona presidente/a da entidade

local de , solicitante da axuda da Consellería de

Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a **normalización da lingua galega**, e en relación a outras axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para este mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

MODALIDADE : Creación do S.N.L.
 Reforzamento do S.N.L.
 Organización de campañas

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:Axudas concedidas:

- Non se me concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
 Si se me concedeu axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda: Data de resolución:

Axudas solicitadas:

- Non solicitei ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
 Sí solicitei axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda: Data de resolución:

Lugar e data:

,

Sinatura e selo

ANEXO III

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE REALIZADA

1. Número de persoas que compoñen o SNL:

2. Tempo de contratación anual (individual):

3. Xornada: Completa Media (Horas)

4. Actividade:

a) Aspecto lingüístico

Tradución para o galego de textos e documentos da entidade local:

- | | |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> actas | <input type="checkbox"/> edictos |
| <input type="checkbox"/> convocatorias de sesións | <input type="checkbox"/> ordes do día |
| <input type="checkbox"/> ditames das comisións informativas | <input type="checkbox"/> mocións |
| <input type="checkbox"/> solicitudes da propia entidade | <input type="checkbox"/> informes |
| <input type="checkbox"/> normas urbanísticas municipais | <input type="checkbox"/> páxina web |
| <input type="checkbox"/> disposicións normativas da entidade | <input type="checkbox"/> outros (detallar): |

Corrección documental

- | | |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> actas | <input type="checkbox"/> edictos |
| <input type="checkbox"/> convocatorias de sesións | <input type="checkbox"/> ordes do día |
| <input type="checkbox"/> ditames das comisións informativas | <input type="checkbox"/> mocións |
| <input type="checkbox"/> solicitudes | <input type="checkbox"/> informes |
| <input type="checkbox"/> normas urbanísticas municipais | <input type="checkbox"/> páxina web |
| <input type="checkbox"/> disposicións normativas da entidade | <input type="checkbox"/> outros (detallar): |

Deseño de documentación formal (detallar):

Regulamento do uso do galego nas entidades locais

Cursos de capacitación lingüística

A. CELGA:

- 1º 2º 3º 4º

B. LINGUAXE ADMINISTRATIVA:

- BÁSICO MEDIO SUPERIOR

C. OUTROS: (detallar):

b) Aspecto sociolingüístico:

Elaboración de campañas sobre:

- DEREITOS LINGÜÍSTICOS
 NOVAS TECNOLOXÍAS
 IMPLEMENTACIÓN DO CORPUS
 OUTRAS ADMINISTRACIÓNS (detallar)

EDUCACIÓN

TRANSMISIÓN FAMILIAR

MOCIDADE

MEDIOS DE COMUNICACIÓN (detallar)

INDUSTRIAS CULTURAIAS

ECONOMÍA

- INDUSTRIA COMERCIO COOPERATIVISMO BANCA

SANIDADE

- FARMACIA VETERINARIA COLEXIOS OFICIAIS SANIDADE PÚBLICA OU PRIVADA

SOCIEDADE

- CRENZAS RELIXIOSAS INMIGRACIÓN SERVIZOS SOCIAIS

- DEPORTE TURISMO ASOCIACIONISMO LECER E TEMPO LIBRE

PROXECCIÓN EXTERIOR DA LINGUA

ROTULACIÓN TOPONÍMICA

OUTROS (detallar):

Colaborar na regulación dos usos e perfís lingüísticos da entidade local

- Colaborar na elaboración do Plan municipal de normalización lingüística
- Coordinación das actuacións con outros servizos lingüísticos ou entidades que persigan os mesmos fins normalizadores (detallar con cales)
- Difusión das ferramentas lingüísticas existentes (detallar cales)
- Promover que na regulamentación municipal figuren unhas cláusulas que establezan:
 - Que todos os departamentos e organismos dependentes das deputacións e concellos (oficinas de atención ao público, instalacións deportivas, televisións e radio municipais, servizos de augas, etc.) teñan a lingua galega como idioma xeral de referencia oral e escrito.
 - Que nos actos xurídicos documentados e nas relacións xurídicas e notariais da Administración local que se refiran a actividades de ámbito galego se redacten en lingua galega.
 - Que as intervencións xudiciais da Administración se realizarán en lingua galega.
 - Que todos os traballos topográficos e cartográficos que fagan ou encarguen as administracións locais teñan que levar incorporada a recolla da microtoponimia, consonte o sistema deseñado pola Comisión de Toponimia, e que o material toponímico recollido deberá ser remitido ao SITGA, para a súa organización e posta a disposición da sociedade na Rede.
 - Que todos os contratos e axudas públicas, de calquera tipo, deberán producir un aumento efectivo do galego na entidade receptora.
 - Que toda aquela prestación froito dun contrato suscrito por unha entidade local ofrecerase, como mínimo, en lingua galega.
 - Que a facturación que emitan os provedores da Administración local virá redactada, como mínimo, en lingua galega.

Resolución do 23 de maio de 2008, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración suscritos por esta secretaría xeral no primeiro cuadrimestre do ano 2008.

Para os efectos previstos no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración suscritos pola Secretaría Xeral de Comunicación, no primeiro cuadrimestre do ano 2008, os cales se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2008.

Fernando Salgado García
Secretario xeral de Comunicación

ANEXO

Convenio	Data sinatura	Importe
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e a <i>Fundación Universidade da Coruña</i> (FUAC), para a concesión de 2 bolsas de estudo para a realización de prácticas de xornalismo en gabinetes de prensa institucional.	22-4-2008	3.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e a Universidade de Vigo, para a concesión de 2 bolsas de estudo para a realización de prácticas de xornalismo en gabinetes de prensa institucional.	22-4-2008	3.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e a Universidade de Santiago de Compostela, para o mantemento e consolidación dun espazo de comunicación dedicado á emigración galega.	25-3-2008	36.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Faro de Vigo Media, S.L.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa.	1-3-2008	12.600 €

Convenio	Data sinatura	Importe
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Xornal Galinet, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa.	1-3-2008	12.600 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>La Voz de Galicia, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa.	2-1-2008	150.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Editorial Compostela, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa.	2-1-2008	59.378 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Editorial Compostela, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa.	2-1-2008	23.208 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Editorial La Capital, S.L.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa.	2-1-2008	35.533 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>El Progreso de Lugo, S.L.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa.	2-1-2008	38.338 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Europa Press Delegaciones, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa.	2-1-2008	68.783 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Faro de Vigo, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa.	2-1-2008	121.005 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>La Opinión de La Coruña, S.L.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa.	2-1-2008	20.882 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Lérez Ediciones, S.L.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa.	2-1-2008	23.729 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Diario ABC, S.L.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa.	2-1-2008	24.042 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e a <i>Axencia Galega de Noticias, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa.	2-1-2008	93.794 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Galicia Proxectos de Comunicacions, S.L.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa.	2-1-2008	32.000 €